

LPIC-OT Devops Tools Engineer

Descrición

Este curso oficial prepara ao alumnado para superar o exame DevOps Tools Engineer (701) do Linux Professional Institute (LPI), proporcionando unha visión completa e actualizada das prácticas, ferramentas e procesos que definen o enfoque DevOps en contornas profesionais.

Ao longo da formación abórdanse os principios fundamentais da cultura DevOps, así como a súa aplicación práctica mediante o uso de ferramentas modernas de automatización, integración e entrega continua (CI/CD), xestión de código fonte, contedores e orquestración con Kubernetes. Ademais, introdúcense conceptos clave relacionados coa infraestrutura como código, a monitorización e observabilidade de sistemas, e a xestión de contornas distribuídas.

O curso combina a preparación específica para a certificación oficial cunha orientación práctica cara a escenarios reais, permitindo ao alumnado comprender como deseñar, implementar e manter pipelines de despregamento automatizado, así como xestionar aplicacións modernas en contornas cloud e contenerizados.

Obxectivos

Ao finalizar o curso, serás capaz de:

- Comprender os principios e fundamentos da cultura DevOps, así como o seu impacto nos procesos de desenvolvemento e operación de software.
- Xestionar código fonte utilizando sistemas de control de versións distribuídos e aplicar estratexias de branching adecuadas.
- Diseñar e implementar pipelines de integración e entrega continua (CI/CD), automatizando procesos de construción, proba e despregamento de aplicacións.
- Utilizar tecnoloxías de contenedorización para empacar e distribuír aplicacións de forma eficiente.
- Comprender e traballar con ferramentas de orquestración de contedores, especialmente Kubernetes, para xestionar aplicacións en contornas distribuídas.
- Aplicar conceptos básicos de infraestrutura como código (IaC) para a provisión e xestión automatizada de recursos.
- Monitorizar aplicacións e sistemas mediante ferramentas de observabilidade, interpretando métricas e logs para garantir o seu correcto funcionamento.
- Identificar boas prácticas de seguridade dentro do ciclo DevOps (DevSecOps) e a súa integración en pipelines automatizados.
- Comprender o funcionamento de arquitecturas modernas baseadas en servizos e o seu despregamento en contornas cloud.

Dirixido a

O curso está dirixido a administradores/as de sistemas, desenvolvedores/as e enxeñeiros/as DevOps que desexen profundar na automatización, integración continua e despregue en contornos Linux.

O perfil ideal inclúe profesionais con experiencia básica en administración de sistemas e desenvolvemento, familiarizados coa liña de comandos de Linux, redes e contornos de virtualización ou contedores.

É especialmente axeitado para quen traballa en equipos de desenvolvemento, operacións ou infraestrutura, e busca mellorar a eficiencia, escalabilidade e fiabilidade dos seus procesos de entrega de software.

Recoméndase contar con coñecementos equivalentes a LPIC-1 ou experiencia profesional similar en contornos Linux.

BENEFICIOS

Opción gratuita dun exame de certificación oficial

Diploma de asistencia

Perfil do docente

Instrutor acreditado por LPI para a impartición do curso LPIC-OT Devops Tools Engineer



PROGRAMA	Programación 2026/27
TIPO	CURSO
MATRÍCULA	Gratuíta
PERIODO INSCRICIÓN	01/03/2027 - 15/03/2027
PROBA DE SELECCIÓN	16/03/2027 (00:00)
CRITERIOS DE SELECCIÓN	Proba técnica presencial no CNTG en Santiago de Compostela
Nº PRAZAS	20 (Mínimo 10)
METODOLOXÍA	Virtual
TIPO DE EDICIÓN	Edición única tarde (desempregados/as e ocupados/as)
DURACIÓN	70 horas
DATA INICIO	26/04/2027
DATA FIN	19/05/2027
HORARIO	De luns a xoves de 16:00 a 21:00 horas.
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí
EXAME CERTIFICACIÓN	LPI-701-200
MÓDULOS TRANSVERSAIS	Igualdade de 10 horas

TECNOLOXÍA

LPI

PERIODO DOCENCIA

26/04/2027 - 19/05/2027

Temario

Módulo 1: Enxeñería de software

Módulo 2: Contedor de Aplicacións

Módulo 3: Kubernetes

Módulo 4: Seguridade e observabilidade